

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.*

As ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, establecen nas correspondentes disposicións en que se recollen os créditos que financian as ordes, que estes importes poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Pola Orde TIN/380/2009, do 18 de febreiro, distribúense territorialmente para o exercicio económico de 2009, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do ámbito laboral financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro das ordes que se citan nesta disposición, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 3.150.840,56 euros.

#### Artigo 2º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 12, do 19 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.481.0, código de proxecto 2009 01075 polo importe de 8.654,93 euros.

#### Artigo 3º

Estas modificacións non afectan o prazo establecido nas referidas ordes para a presentación de solicitudes.

#### *Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

*Resolución do 13 de outubro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.*

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.